

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 10 de abril de 2018, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 3 de abril de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

**Punto 1. Textos legislativos**

- 1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria (doc. núm. 24332, 10/PPL-000012)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 250, do 31.01.2018*
- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxecto de establecer un mecanismo compensatorio de repercusión do Imposto sobre Bens Inmóbiles para as persoas arrendatarias de vivendas do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 25509, 10/PPL-000013)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018*

**Punto 2. Comparecencias**

- 2.1 28681 (10/PPP-000053)  
Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a implantación da categoría estatutaria de enfermeiro/a especialista

Acumúlase na anterior a seguinte:

- 2.2 28514 (10/PPP-000052)  
Do Sr. conselleiro de Sanidade, a petición dos Grupos Parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para dar conta da privatización de servizos sanitarios na EOXI da Coruña

**Punto 3. Mocións**

- 3.1 28401 (10/MOC-000079)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e 13 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 26404, publicada no BOPG nº 267, do 27.02.2018, e debatida na sesión plenaria

do 20.03.2018)

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018*

- 3.2 28402 (10/MOC-000080)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e 13 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 27145, publicada no BOPG n.º 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018*

- 3.3 28409 (10/MOC-000081)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 27038, publicada no BOPG n.º 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018*

#### **Punto 4. Proposicións non de lei**

- 4.1 8161 (10/PNP-000757)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017*
- 4.2 26706 (10/PNP-001890)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do Pazo de Meirás por Francisco Franco  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018*
- 4.3 26713 (10/PNP-001893)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis  
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos

xacobeos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018*

- 4.4 27164 (10/PNP-001930)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dun plan de compensación en materia ferroviaria que inclúa compromisos concretos especialmente dirixidos ao interior de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018*
- 4.5 27382 (10/PNP-001952)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e 11 máis  
Sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018*
- 4.6 27978 (10/PNP-002003)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018*
- 4.7 28005 (10/PNP-002007)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e 5 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a mellora da seguridade viaria no conxunto da estrada N-540, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Ventas de Narón, Chantada-Taboada e A Barrela-Chantada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018*
- 4.8 28112 (10/PNP-002016)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo

-3 ABR. 2013

Núm. 8505

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018*

- 4.9 28329 (10/PNP-002041)  
Grupos Parlamentarios Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego  
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018*

### **Punto 5. Interpelacións**

- 5.1 27661 (10/INT-000891)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis  
Sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018*
- 5.2 28365 (10/INT-000915)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre a política do Goberno galego en relación coa prestación de asistencia sanitaria no Sergas por medio de concertos coa sanidade privada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018*
- 5.3 28372 (10/INT-000916)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as deficiencias existentes nos servizos de urxencias hospitalarias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018*

### **Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta**

- 6.1 28665 (10/POPX-000082)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da enésima discriminación do Goberno central con Galicia
- 6.2 28666 (10/POPX-000083)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a necesidade de garantir a igualdade de acceso ao Sistema sanitario público de Galicia

- 6.3 28670 (10/POPX-000084)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das decisións do Goberno central referidas á construción dunha autovía paralela á AP-9 entre A Coruña e O Porriño mentres se rescatan autoestradas privatizadas

### **Punto 7. Preguntas ao Goberno**

- 7.1 25989 (10/POP-003094)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis  
Sobre a información do Goberno galego respecto dos prazos de licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018*
- 7.2 28664 e c.e. 28671 (10/PUP-000157)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e 13 máis  
Sobre o cumprimento da obriga do Goberno galego de defender o medio ambiente, mediante o control da minaría potencialmente contaminante que opera en Galicia
- 7.3 26873 (10/POP-003195)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis  
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a protección patrimonial da calzada de acceso ao castelo de Monterrei  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018*
- 7.4 27325 (10/POP-003247)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción  
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da participación dos centros educativos nas iniciativas desenvoltas ata o momento en relación coas vocacións nas áreas STEM, ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018*
- 7.5 23213 (10/POP-002779)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

-3 ABR. 2013

Núm. 8505

López Crespo, Carlos Enrique e 8 máis  
Sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Barbanza dende a entrada en funcionamento do sistema de estruturas organizativas de xestión integrada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*

- 7.6 27566 (10/POP-003267)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Arias, Marta e 6 máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do número de persoas en situación de dependencia que van estar atendidas no ano 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018*
- 7.7 28010 (10/POP-003311)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis  
Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018*
- 7.8 28644 (10/PUP-000156)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias denunciadas polo Comité de Empresa na residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra
- 7.9 27773 (10/PUP-000154)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación, antes da Semana Santa, do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018*
- 7.10 28322 (10/POP-003335)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre o custo real para o erario público de Galicia da contratación dos servizos da UME e da Operación Centinela para labores de loita contra os incendios forestais nos anos 2016 e 2017  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018*
- 7.11 22762 (10/POP-002742)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre o balance que fai a Consellería do Mar do uso, para a trazabilidade nos produtos pesqueiros, dun método telemático punteiro no ámbito europeo, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e por medio dos terminais Ticpesc existentes nos portos de titularidade autonómica  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**  
**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 3/04/2018 14:15:10**